

Ordenanza núm. 6

Ordenanza reguladora do servizo de limpeza viaria.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. Fundamento Legal

A tenor do disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a limpeza viaria é un servizo mínimo obrigatorio cuxa titularidade pertence ao Concello.

No mesmo sentido, a tenor do disposto no artigo 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados, establécese que corresponde ás Entidades Locais, ou ás Deputacións Forais cando proceda:

- Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso ditan as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.
- O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.
- As Entidades Locais poderán:

Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia.

Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos nos termos previstos no artigo 17.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impor, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos.

A través das súas ordenanzas, obrigar ao produtor ou a outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir dichas características ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.

Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán levar a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias Entidades Locais.

ARTIGO 2. Obxecto

O obxecto da presente Ordenanza é a limpeza da vía pública como consecuencia do uso común dos cidadáns, así como as accións de prevención orientada a evitar o ensuciamento da mesma e a xestión de residuos urbanos que sexan competencia dos Concellos.

ARTIGO 3. Obrigados

Quedan obrigados ao cumprimento da presente Ordenanza todos os habitantes deste Municipio, así como os visitantes naqueles aspectos que lles afecten.

ARTIGO 4.

O Servizo de Limpeza da vía pública prestarase por este Concello ben directamente cos seus propios medios ou a través das formas de xestión indirecta previstas e autorizadas na vixente Lexislación de Réxime Local.

Ós efectos desta ordenanza consideraranse residuos urbáns os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos, e que pola súa natureza ou composición, poden asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén consideración de residuos urbanos:

- a. Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas.
- b. Os móveis, enseres e vehículos abandonados.
- c. Os residuos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- d. En xeral, todos aqueles residuos, nos cales a súa recollida, transporte e eliminación corresponde ós Concellos, dacordo coa lexislación vixente.

TÍTULO II. LIMPEZA VIARIA

CAPÍTULO I. USO COMÚN XERAL

ARTIGO 5. Uso Común Xeral

Queda prohibido:

- a. Tirar ou depositar residuos, desperdicios, lixos e materiais de calquer tipo en xeral nas vías públicas ou privadas, nas súas aceras e nos solares ou fincas valadas ou sen valar, debendo empregarse sempre os colectores ou lugares especificamente designados polo Concello para estes fins e as horas estipuladas para elo.
- b. Arrojar na vía pública cáscaras (especificamente pipas), papeis, colillas ou cualquier outro desperdicio da natureza que fora. Este aspecto adquirirá especial gravidade cando se trate de espazos infantis. Estes desperdicios serán depositados obrigatoriamente nas papeleras instaladas a este fin nas vías públicas ou parques, as cales son receptoras dos desperdicios antes mencionados e exclusivamente para eles, quedando prohibido polo tanto depositar nas mesmas residuos e obxetos que encaixen especificamente no Servicio de Recollida de Residuos en xeral.
- c. Emprega-la vía pública para partir leña, encender lume, lavar obxetos, coches ou roupa, limpar alfombras, e en xeral calquer operación que poda luxa-las rúas ou producir polvo nas mesmas. (Este punto queda restrinxido na súa aplicación á Vila de Allariz).
- d. Efectuar toda clase de reparacións de vehículos na vía pública.
- e. Sacudir alfombras, prendas ou calquer outro obxeto sobre a vía e as súas aceras, dende os balcóns ou ventanas.
- f. Meterse nas fontes públicas, e arrojar calquer tipo de obxeto nelas.
- g. Depositar escombros e residuos en xeral, en calquer terreo non autorizado para elo e moi especialmente nos cauces e márxeas dos ríos.
- h. Escupir e facer augas maiores ou menores nas vías e espazos públicos e privados.

CAPÍTULO II. CIRCULACIÓN DE ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 6. Obrigas do Propietario ou Tenedor

As persoas que conduzan cans ou outros animais pola vía pública, incluíndo os xardíns e alcorques das árbores, están obrigados a impedir que a ensucien, debendo recoller, no seu caso, os excrementos polos seus propios medios mediante bolsas ou calquer outro sistema apropiado ó efecto. Mención especial merecen os parques infantís e zonas de baño, onde queda prohibido o acceso destes animais.

Os cans ou animais que circulen pola vía pública irán provistos de correa ou cadea con colar e a correspondente identificación.

ARTIGO 7. Responsables

Os propietarios son directamente responsables dos danos ou afeccións a persoas ou cousas e de calquera acción que ocasione suciedade na vía pública polos animais da súa pertenza.

Será responsable subsidiario, en ausencia do dono do animal, a persoa que conducise o animal no momento en que se producise a acción que ocasionou suciedade.

CAPÍTULO III. LIMPEZA E MANTEMENTO DE SOLARES E URBANIZACIÓNS DE PROPIEDAD PRIVADA

ARTIGO 8.

A limpeza das rúas de dominio particular abertas ó tránsito público, así como os pasaxes, patios interiores e pasos de accesos ós mesmos, realizaranse de xeito habitual e cando así sexa requerido ós seus propietarios. Os residuos resultantes desta limpeza, serán depositados nos colectores de rechazo dispostos para a recollida xeral de residuos da vila. A mesma obriga comprende ós propietarios de terreos ou solares, os cales serán directamente responsables da súa limpeza. Os propietarios dos solares existentes no chan urbano da Vila teñen a obriga, ademais, de valalos e conservalos correctamente, previa petición da correspondente licencia.

ARTIGO 9.

Os titulares de establecementos comerciais virán obrigados a manter nas debidas condicións de limpeza os seus escaparates, portas, toldos, rótulos, etc. Cando realicen actividade comercial que

afecte ás aceras ou rúas, cuidarán de que as mesmas permanezan sempre limpas, mención especial para os establecementos de materiais de construción e panaderías que polas súas características precisarán facer un mantemento adecuado do seu entorno. *En concreto, aqueles titulares de establecementos que teñan o uso de terraza serán os responsables de manter a zona ocupada pola terraza e dous metros perimetrais ó redor da mesma.*

ARTIGO 10.

Quenes estén ó fronte de postos ou quioscos de venda na vía pública ou en mercadillos autorizados están obrigados a conserva-lo espacio en que desenrolen o seu cometido, e as proximidades do mesmo, en perfecto aseo durante a venda, e cuidar que, unha vez rematada esta, ambas superficies mencionadas queden limpas.

ARTIGO 11.

Os donos de cafés, bares e establecementos análogos que dispoñan de parte da superficie da vía pública ocupada con mesas, cadeiras, etc., están obrigados a conservar limpo o espacio en que desenrolen a súa actividade, e unha vez que se recollan as cadeiras e mesas ó peche do establecemento, deberán deixar a mencionada superficie da vía pública ocupada en perfecto estado de limpeza. Sen perxucio da imposición das sancións que procedan por incumprimento das normas que se establecen nos precedentes artigos, o Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos que non executen os infractores. Asimesmo e ante as novas circunstancias que fan que os clientes fumadores sitúen a súa actividade na zona exterior dos locais, estes estarán obrigados a proceder á limpeza de cabichas ou calquera outro lixo derivado da súa actividade comercial, que se situe nunha franxa de dez metros no frontal da súa fachada. Asimesmo será obrigatorio que doten de elementos móbiles (tipo cinzeiros) para a recollida de cabichas, todos aqueles que permitan sair os seus clientes con consumicións ó exterior, sin perxucio de que deban cumprir o resto da normativa inherente a esta actividade.

ARTIGO 12.

Os propietarios de xardíns, espazos privados, solares, terreos, portais, marquesinas, e demais lugares de aproveitamento privado, visibles desde a vía pública, cuidarán da limpeza dos mesmos. En calquer caso os restos vexetais (restos de poda, céspede, ...) resultantes das actividades de limpeza e cuidado dos xardíns privados, serán responsabilidade do propietario ou persoa contratada para o seu mantemento, debendo ser depositados polos mesmos nun lugar que teñan habilitado para o compostaxe, ou onde o Concello así o dispoña.

ARTIGO 13.

Os titulares dos establecementos industriais ou mercantis, oficinas, centros de ensinanza, locais de espectáculo e recreo, etc., adoptarán as medidas necesarias para mante-los mesmos nas condicións de limpeza e hixiene esixidos na vixente lexislación sobre a materia, cuidando especialmente das mesmas, nos días de gran afluencia de público. Nos mercados, supermercados, e demais establecementos de alimentación, cafeterías, etc., en que esté previsto o depósito continuo de residuos en contedores ou aparatos especialmente habilitados ó efecto, serán depositados con precisión dentro dos mesmos en atención á súa finalidade e cor.

ARTIGO 14.

Con independencia das sancións que procedan, o incumprimento, por parte dos particulares, das obrigas que se derivan da presente Ordenanza, poderá dar lugar á esixencia de responsabilidade, naqueles casos en que se produzan danos, ou gastos extraordinarios para o Concello, como consecuencia de tal incumprimento, ou actos irresponsábeis. Quedando expresamente prohibido o depósito de restos de obra e/ou electrodomésticos nos colectores ou espazos non habilitados ó efecto.

CAPÍTULO IV. PINTADAS E COLOCACIÓN DE CARTEIS, PEGATINAS, PANCARTAS, BANDEROLAS E PROPAGANDA XERAL FORA DOS LUGARES QUE EXPRESAMENTE SEXAN AUTORIZADOS POLO CONCELLO.

ARTIGO 15. ACTUACIÓNS DE PUBLICIDADE

a) Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas no presente Título nos edificios calificados como histórico-artístico e nos asimilables. Exceptúanse as pancartas ou rótulos que fagan referencia as actividades que teñan lugar no edificio ou se refiran a obras de conservación, reforma ou rehabilitación dos mesmos. Non se permite realizar actos de propaganda ou de calquer clase que supoñan lanzar á vía pública carteis, folletos ou follas soltas.

b) Colocación de pancartas e banderolas.

1. A colocación de pancartas e banderolas na vía pública solamente se autorizará:

- En período de eleccións políticas, nos lugares especialmente autorizados para esta finalidade.
- En período de festas populares e tradicionais dos barrios.

- En actividades deportivas.
- Nas situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía competente.

2. A Alcaldía regulará en cada caso as condicións en que poderán utilizarse os espazos que a tal fin destine o Concello e a tramitación necesaria para solicita-la correspondente autorización.

3.- Prohíbese, salvo permiso expreso a colocación de pancartas e banderolas suxeitas ás árbores en calquera dos seus elementos.

4.- A solicitude de autorización para a colocación de pancartas ou banderolas, deberá conter:

- 1) O contido e dimensións das pancartas ou banderolas.
- 2) Os lugares onde se pretenda instalar.
- 3) O tempo de permanencia instalada.
- 4) O compromiso do responsable de retiralos e de reparalos desperfectos causados na vía pública ou os seus elementos estruturais e de indemnizalos danos e perxucios que puideran terse ocasionado como consecuencia da súa colocación.
- 5) A colocación de pancartas e banderolas na vía pública sen autorización dará lugar á imposición de sancións ós responsables pola Autoridade Municipal.
- 6) Queda tamén expresamente prohibido, a colocación en colectores e baixantes de auga, de publicidade de calquera tipo, especialmente mediante adhesivos.

ARTIGO 16. Pintadas

a) Prohíbese toda clase de pintadas e inscricións na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, aceras e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos e calquer elemento externo da cidade, como cabinas, colectores, quioscos, verxas, papeleras, farolas, etc.

Co fin de evita-la comisión de novas infraccións, a Policía Local poderá proceder ó decomiso dos útiles que se empleen.

Exceptúase da prohibición anterior:

- As pinturas murais de carácter artístico, realizadas sobre as vallas dos solares, peches de obras, paredes medianeras vistas e elementos con carácter provisional cando o propietario teña obtido autorización municipal.
- As situacións que ó respecto autoricen as disposicións municipais ou a autoridade competente.

- En calquer momento, a través dos servizos municipais correspondentes, o Concello poderá procede-lo borrado ou eliminación das pintadas, tanto si dispoñen de autorización como si non a tiveran.

b) Cando un inmóvel teña sido obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario poderá imputar á empresa ou persoa responsable, o coste das correspondentes facturas de limpeza e acondicionamiento, ó marxen das sancións establecidas para estes casos na presente ordenanza.

A responsabilidade de natureza administrativa enténdese sen perxucio da esixible nas vías penal e civil.

c) A autoridade municipal esixirá o cumprimento da presente ordenanza, tanto si as pintadas se realizan en zonas de dominio público, como en fachadas, paredes ou outros elementos privados.

A actuación municipal producirase de oficio ou previa denuncia do particular.

TÍTULO III. RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS E OUTROS

ARTIGO 17.

O Concello realizará a recollida do lixo periodicamente; a estes efectos, os habitantes deberán evacuar os residuos domiciliarios en bolsas de lixo e depositalos nos cubos colectivos habilitados ao efecto, debendo empregar axeitadamente cada colector para o material indicado.

ARTIGO 18.

Será obrigatorio depositar as botellas e demais enseres de vidro no iglú verde, así como o papel e cartón dentro do contedor azul ou ben no caso de grandes produtores (froiterías, supermercados, fornos industriais, e comercio en xeral) anotarse ó sistema de recollida porta a porta implantado polo Concello de non posuir sistema propio de reciclaxe. Os plásticos, latas e briks no contedor marelo. Aismismo a posta en marcha da recollida selectiva da fracción orgánica fará obrigatorio o depósito da materia orgánica nos composteiros tanto comunitarios como individuais, ou nas esterqueiras tradicionais; a veciñanza participante na experiencia "piloto" posta en marcha polo Concello depositará os residuos orgánicos nos colectores de materia orgánica específicos habilitados a tal fin polo Concello.

ARTIGO 19.

Queda terminantemente prohibido:

- a) Daña-los recipientes de recollida do lixo.
- b) Deposita-lo lixo fóra de bolsas pechadas, nos contedores que así o requiran. E con carácter xeral depositar lixo fóra dos contedores.
- c) Depositar residuos en vertedoiros clandestinos.

ARTIGO 20.

Outros refugallos que precisarán un tratamento diferenciado serán: as pilas que se depositarán nos puntos de recollida tanto dos espazos públicos como nas tendas de venda, a roupa usada nos colectores habilitados ou puntos de recollida. As bombillas, fluorescentes e outras luminarias nos locais de venda, os medicamentos e os seus envases nos puntos SIGRE das farmácias, as radiografías no Centro Médico, e os aceites de freiduría usados nos colectores habilitados.

ARTIGO 21.

Os residuos considerados voluminosos, serán depositados nos puntos habilitados a tal fin cando esto sexa obrigatorio (puntos reciclaxe de materiais de construción e demolición), entrega nos puntos de venda de electrodomésticos, etc. Así e todo o Concello habilita un servizo de retirada porta a porta de voluminosos ó menos tres veces ó ano (poderá incrementarse de existir maior demanda), mediante aviso previo por parte dos cidadáns. *Os usuarios, titulares da correspondente taxa municipal, poderán depositar voluminosos (electrodomésticos, colchón, móbeis, ..., non estarán dentro deste epígrafe os restos de material de construción) no punto habilitado polo Concello a tal fin. En calquera caso, existirá un límite na cantidade de material a entregar, non podendo superar o 1 m³ semestralmente. A partir dese volumen considérase un valeirado de vivenda que deberá ser executado a través de empresas especializadas na súa xestión. Igualmente as empresas adicadas ao suministro de electrodomésticos, reformas, obras, etc cando excedan de 2 m³ de voluminosos/semestre deberán contar con un sistema de xestión propio para os voluminosos non asumindo o Concello os que retiren, cuxa xestión deberán executar póla súa conta.*

Artigo 21 bis.-

Sobre vehículos abandonados considerados residuos sólidos urbanos. En base á Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos e chans contaminados.

Os vehículos constitúen resíduo sólido urbano cando tendo placas de matrícula ou non, podan supoñer un perigo para o resto dos usuarios da vía pública e dito estado fai imposible que poda desprazarse polos seus propios medios. Para tomar esta consideración tomarase en conta informe da Policía Local e/ou do Departamento de Medio Ambiente do Concello.

O procedemento consistirá na comunicación ó propietario (que poderá ceder o vehículo ó Concello para que este tramite a súa entrega a desguace e baixa) si esto fora posible, en caso contrario o Concello procederá á entrega para desguace do vehículo considerado resíduo sólido urbano (pasados 3 meses dende o inicio do expediente). E declarará a baixa do mesmo. Todo esto non interferirá nos procedementos sancionadores ou aqueles outros a que houber lugar sobre o propietario do vehículo declarado Residuo Sólido Urbano.

ARTIGO 22.

As obras menores, vaciados, demolicións e as que se realicen na vía pública para canalizacións, calicatas, etc., requirirán da obtención previa de licenzia municipal, na que, en cada caso, se especificará a obriga do seu titular en orden á recollida e transporte do material sobranste e condicións en que deba verificarse o mesmo, correndo os gastos de limpeza por conta do autor dos danos.

ARTIGO 23.

a) Os vehículos de transporte de terras, escombros, materiais pulverulentos ou cualquier outro de similar natureza, observarán escrupulosamente o establecido no Regulamento de Circulación e Seguridade Vial e en calquer caso acondicionará a carga de forma que se evite a caída da mesma, adoptando para elo as precaucións que foran necesarias, e ademáis, cubrindo a carga con toldo ou malla.

b) Os colectores de escombros, materiais e residuos que se sitúen na vía pública, ademais de contar coa debida licenzia municipal e placa de identificación deberán dispoñer de balizamento para a súa perfecta visibilidade diurna e nocturna, rotulados co nome e razón social do titular da licenzia. Os titulares dos contenedores deberán cumprir- las siguientes obrigas:

- Todos los colectores deberán ser retirados da vía pública nas fins de semana e días festivos.
- Os colectores deberán ser substituídos por outros valeiros cando o enchido acade o seu límite xeométrico.
- Os colectores deberán ser tapados con lonas (ou mediante cualquier outro sistema), convintemente suxeitas cando se interrumpa o seu enchido continuo.

- A empresa titular do colector é responsable da infracción de non retiralo nas fins de semana e días festivos da vía pública. Tamén é responsable do estado de limpeza nos arredores dos colectores e de non tapalos cando se interrompe o seu enchido, sen perxucio das posibles responsabilidades do titular da obra.

ARTIGO 24.

Con independencia das sancións que proceda polo incumprimento das precaucións previstas nos precedentes artigos, naqueles casos en que tal incumprimento dé lugar a traballos extraordinarios de limpeza da vía pública, entenderase que o importe dos mesmos é un dano a terceiros.

TÍTULO IV. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

ARTIGO 25. Potestade Sancionadora

As infraccións á presente Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía, tal e como establece o artigo 49.3 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados, previa incoación do correspondente expediente sancionador polo Concelleiro Delegado de Área.

O exercicio da potestade sancionadora axustarase ó procedemento establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

ARTIGO 26. Procedemento sancionador_

As accións e omisións que constitúan unha infracción ó disposto na presente Ordenanza, poderán dar lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador que se iniciará de oficio por acordo do órgano competente, a iniciativa propia, por comunicación dun órgano que teña atribuídas funcións de inspección, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

Cando o órgano competente para iniciar un procedemento sancionador tivera coñecemento de que os feitos ademais de poder constituir unha infracción administrativa, puideran ser constitutivos de unha infracción penal, o comunicará ó órgano xudicial competente, absténdose de proseguir procedemento sancionador, unha vez incoado, namentras a autoridade xudicial non se teña pronunciado.

Durante o tempo que estivera en suspenso o procedemento sancionador, entenderáse suspendido tanto o prazo de prescripción da infracción como a caducidade do propio procedemento.

As sancións correspondentes imponse por resolución motivada da autoridade competente, previa instrución do correspondente expediente e de acordo co previsto no título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e as súas normas de desenvolvemento.

ARTIGO 27. Infraccións

Os actos ou omisións que contraveñan o estipulado nesta Ordenanza terán a consideración de infraccións administrativas, xerando unha responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo da que puidese ser exixible en vía penal ou civil.

De conformidade co artigo 46.3.c) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados, enténdese por infracción grave o abandono, vertedura ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se poña en perigo grave a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.

Cualifícanse como leves as infraccións arriba indicadas cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan a cualificación de graves, entre outras cualifícanse como leves as seguintes:

- a) A falta de limpeza das rúas particulares u outros espazos do mesmo carácter.
- b) Tirar desperdicios como cáscaras, *cabichas* e similares, na vía pública.
- c) Realizar calquera das accións prohibidas no artigo 11.
- d) Colocar carteis, pancartas ou banderolas ou realizar inscricións ou pintadas en lugares non autorizados.
- e) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma, desde ventanas, balcóns ou terrazas fora das horas permitidas.
- f) Orinar ou defecar na vía pública.
- g) Incumprimento das obrigas impostas ós titulares de establecementos comerciais, kioscos, cafés e establecementos análogos.
- h) Non manter en permanente estado de limpeza as diferentes partes dos inmoveis que sexan visibéis desde a vía pública.
- i) Non realiza-las operacións de limpeza necesarias despois da carga e descarga de vehículos.

- j) Non limpa-las vías públicas nas zonas de acceso e saída de obras.
- k) Non retira-los contedores de obras ou outros especiais no prazo establecido, así como incumpri-las obrigas impostas ós titulares dos mesmos.
- l) Incumprir o disposto nos artigos nº 18, 19 e 20.
- m) Non recoller as dexeccións dos cans da vía pública ou espazos verdes públicos.
- ll) Qualquer outro incumprimento do previsto nesta Ordenanza susceptible de ser considerado infracción leve.

Así mesmo, o resto de actos ou omisións que contraveñan o estipulado nesta Ordenanza e non estean recollidas na Lei 22/2011, cualificaranse como leves.

ARTIGO 28. Sancións

As infraccións recollidas na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados, sancionaranse da forma seguinte:

As infraccións graves, a tenor do disposto no 47 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados, con multas desde 901 até 45.000 euros agás se se trata de residuos perigosos, nese caso a multa será desde 9.001 euros até 300.000 euros.

As infraccións leves cunha sanción inicial de 50 euros, agás que se produzan en espazos infantís en cuio caso a sanción inicial será de 100 euros, a comisión reiterada de infraccións nun prazo inferior a 6 meses dará lugar a que o importe da sanción se duplique sucesivamente, ata un importe máximo da sanción de 900 euros, quedando esta cantidade de 900 euros como importe máximo para as sancións leves.

Para as infraccións graves, sancionadas con importes superiores a 900 euros, graduaranse por unha comisión específica que elevará a súa proposta á Alcaldía.

Así mesmo, sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración das cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma.

PUBLICACIÓN

BOP 28 DECEMBRO DE 2020